

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS PARA FACILITAR AS ENTIDADES LOCAIS QUE SE ADHIRAN, A CESIÓN GRATUÍTA TEMPORAL DE DIVERSOS ESPAZOS DA CIDADE DA CULTURA DE GALICIA.

ADENDA RELATIVA Á PRÓRROGA DO CONVENIO.

En Santiago de Compostela, na data de sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte a **FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA**, con domicilio social en Cidade da Cultura de Galicia situada en Santiago de Compostela, Monte Gaiás s/n, e provisto do NIF G15721640.

Está representada neste acto por D^a. Ana Isabel Vázquez Reboredo, actuando na súa condición de Directora Xerente da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, de conformidade cos poderes outorgados polo Padroado na súa sesión de 16 de decembro de 2016, elevado a público o 19 de decembro de 2016.

Doutra parte, a **FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS** (ou FEGAMP), con domicilio na Rúa Varsovia 4C, 6º andar - Área Central 15707 Santiago de Compostela, e provisto do NIF V15160963.

Está representada neste acto por D. Alberto Varela Paz, presidente da FEGAMP, no uso das facultades que lle son atribuídas polo artigo 46, punto primeiro letra d) dos vixentes Estatutos da FEGAMP e en virtude do seu nomeamento pola asemblea xeral do 09 de novembro de 2017.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas e

EXPOÑEN

1. Que o 12 de xullo de 2017 a Fundación Cidade da Cultura de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias asinaron un convenio de colaboración entre estas institucións, a fin de facilitar ás entidades locais asociadas á Federación Galega de Municipios e Provincias, a cesión gratuíta, con carácter temporal e limitado no tempo, de diversos espazos da Cidade da Cultura de Galicia segundo o calendario de actividades da propia Cidade da Cultura de Galicia, para a realización de actos promocionais, roldas de prensa, actividades culturais, turísticas ou de posta en valor do patrimonio dos concellos galegos.



2. Que na cláusula décimo cuarta do citado convenio, relativa á vixencia do mesmo, se establecía que o convenio terá unha duración de catro anos dende a sinatura do mesmo (ata o 11 de xullo de 2021). Non obstante o anterior, antes da finalización do prazo indicado, segundo o disposto na mesma cláusula do convenio, os asinantes poderán acordar expresamente, e de forma unánime, a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.
3. Que visto o anterior, o 03 de marzo de 2021, a Fundación Cidade da Cultura de Galicia propón a Federación Galega de Municipios e Provincias, a prórroga do convenio citado ut supra por un período de catro anos adicionais (xullo 2021- xullo 2025).
4. Que, o 03 de maio de 2021, a FEGAMP da a súa conformidade por escrito á a prórroga do convenio citado ut supra por un período de catro anos adicionais (xullo 2021- xullo 2025).

Que visto todo o anterior, as partes acordan a sinatura do presente documento, consonte coa seguinte:

CLÁUSULA

ÚNICA.- Considerando que é de interese continuar coa colaboración iniciada con base no convenio mencionado, ambas as partes estiman que a renovación é necesaria e acordan a prórroga do dito convenio por un período de catro anos, a contar desde o día seguinte ao remate da vixencia do convenio obxecto da presente prórroga.

E, como proba de conformidade, as partes comparecentes asinan o presente, na data da última sinatura electrónica

Pola Fundación Cidade da
Cultura de Galicia

Pola Federación Galega de Municipios e
Provincias

D^a. Ana Isabel Vázquez Reboredo

D. Alberto Varela Paz

